

AS PAISAXES DA TERRA

ÍNDICE

1. DEFINICIÓN DE PAISAXE
2. A SELVA
3. A SABANA
4. O DESERTO
5. PAISAXE MEDITERRÁNEA
6. PAISAXE OCEÁNICA
7. PAISAXE CONTINENTAL
8. PAISAXES FRÍAS

DEFINICIÓN DE PAISAXE

- **PAISAXE** é calquera parte do territorio tal como o percibe a poboación, sendo o resultado da acción e interacción de factores naturais e/ou humanos.
- A paisaxe e percepción, pero tamén é territorio (combinación dos elementos do medio natural que están presentes nun lugar xunto coa acción do ser humano que transforma ese medio.
- Segundo o escritor chinés **Ling Yu Than** “*a metade da beleza depende da paisaxe e a outra metade depende de quen a mira*”.



ZHANGYE-CHINA



MONTE LOURO



PAISAXE RURAL



PAISAXE INDUSTRIAL



PAISAXE URBANA

A **paisaxe natural** é aquel que non foi modificado polo ser humano. Este resulta da interacción do clima, o relevo, a vexetación e o solo.

A **paisaxe transformada** ou humanizada é o resultado das modificacións que as persoas realizan no medio natural.

Aquela paisaxe modificada polas actividades agrarias dá lugar á **paisaxe rural**.

A modificación da paisaxe natural pola edificación de cidades orixina a **paisaxe urbana**, se a construción é de industrias o resultado será unha **paisaxe industrial**, etc.

A SELVA

LOCALIZACIÓN	Preto do Ecuador, ata os 10º NORTE e SUR. Selva brasileira, América Central, selva africana, illas de Insulindia e Nova Guinea.	
CLIMA	<p>CLIMA ECUATORIAL: temperaturas sempre altas, con medias anuais de 27º C. Apenas hai oscilación térmica anual.</p> <p>Precipitacións moi abundantes todo o ano, superando os 2.000 mm anuais.</p>	<p>CLIMA TROPICAL HÚMIDO/CLIMA MONZÓNICO: temperaturas superan os 25º de media anual. A oscilación térmica anual é baixa.</p> <p>As precipitacións son abundantes, concentradas nunha época do ano (estación húmida ou monzóns de verán).</p>
RÍOS	<p>Ríos ecuatoriais: moi caudalosos e regulares: <i>Amazonas, Congo</i>.</p>	<p>Ríos tropicais: caudal irregular, diminúe na estación seca e aumenta na estación das chuvias: <i>Nilo, Mekong</i>.</p>
VEXETACIÓN/ FAUNA	<p>Bosque moi denso e sempre verde. Moitas especies: hevea, caoba, ébano, teca, palo de Brasil, fentos, orquídeas, lianas e enredadeiras.</p> <p>A vexetación gradúase en altura.</p> <p>Moitos insectos, aves, anfibios e réptiles. Pequenos mamíferos. Primates. A selva presenta a maior biodiversidade do planeta.</p>	
OUTRAS CARACTERÍSTICAS	<p>Indíxenas da Amazonía. Pigmeos de África.</p> <p>Zonas escasamente poboadas.</p>	



A SABANA

LOCALIZACIÓN	Ao norte e ao sur da zona ecuatorial, cara aos trópicos. Sahel africano, macizo etíope, chairas de Kenia e Tanzania, Meseta de Katanga, illa de Madagascar. Meseta do Deccán na India. Macizo das Guianas, Gran Chaco e meseta do Mato Grosso en Sudamérica.
CLIMA	CLIMA TROPICAL: temperaturas elevadas todo o ano. As precipitacións varían entre os 500 e os 2000 mm anuais, concentrándose nunha época do ano, provocando dúas estacións pluviométricas: estación seca e estación húmida. En función das chuvias, falamos dun CLIMA TROPICAL HÚMIDO e un CLIMA TROPICAL SECO .
RÍOS	Ríos tropicais: caudal irregular, diminúe na estación seca e aumenta na estación das chuvias: <i>Nilo, Mekong</i> .
VEXETACIÓN/ FAUNA	Paisaxe de sabana: unha enorme chaira formada por herbas que poden alcanzar gran altura e cambiar de cor segundo a estación: verde na estación húmida e amarelo na estación seca. Entre as herbas medran algúns arbustos e árbores como a acacia e o baobab. Na beira dos ríos medran os bosques-galería. A sabana é o territorio dos grandes herbívoros: elefantes, xirafas, búfalos, ñus, antílopes, cebras, etc. e dos grandes carnívoros: leóns, leopardos, guepardos, hienas, etc.
OUTRAS CARACTERÍSTICAS	A maioría da poboación vive no campo. Algúns son nómades. Pobos tradicionais en África son os podokos en Camerún, serere en Senegal, masai en Kenia e Tanzania e os kikuyu en Kenia.




O DESERTO

LOCALIZACIÓN	<p>Os desertos cálidos localízanse sobre os trópicos: Sáhara e Kalahari en África, Arabia en Asia, Gran Deserto de Area en Australia, Sonora e Atacama en América.</p> <p>Os desertos fríos localízanse sobre todo no interior dos continentes a latitudes superiores aos 40º: Gobi, Takla Makán en Asia, Patagonia en Sudamérica.</p>	
CLIMA	<p>DESÉRTICO CÁLIDO: temperaturas sempre altas. A oscilación térmica diúrna é moi alta: pódese chegar a 50º C de día e 0º C de noite. Aridez: as precipitacións están por debaixo dos 200 mm anuais.</p>	<p>DESÉRTICO CON ESTACIÓN FRÍA: teñen temperaturas altas no verán, oscilación térmica diúrna tamén moi alta, pero o máis característico é que teñen un longo inverno, e as temperaturas poden descende a -10º C. As precipitacións son moi escasas, por debaixo dos 250 mm anuais.</p>
RÍOS	<p>Nos desertos non hai verdadeiros ríos, só leitos que levan auga cando chove (uadis).</p>	
VEXETACIÓN/ FAUNA	<p>Distinguimos entre desertos de area (erg) onde predominan as dunas e desertos pedregosos (reg).</p> <p>Vexetación e fauna son escasas. Viven especies adaptadas á aridez como os cactus. Nas zonas máis húmidas fórmanse oasis onde hai palmeiras datileiras.</p> <p>Hai insectos e réptiles e uns poucos mamíferos como o dromedario, chacal...</p>	
OUTRAS CARACTERÍSTICAS	<p>Nos desertos habitan os bosquimáns do Kalahari, os tuaregs do Sáhara, os beduínos de Arabia ou os mongois do Gobi. A maioría son nómades</p>	



Desertos do mundo



PAISAXE MEDITERRÁNEA

LOCALIZACIÓN	Esténdese arredor do Mar Mediterráneo arredor dos 30º-40º de latitude. Tamén nas costas americanas de California e Chile, Sudáfrica e costas occidentais de Australia.
CLIMA	MEDITERRÁNEO: temperaturas altas no verán e suaves no inverno. As precipitacións non son moi abundantes e concéntranse na primavera e no outono. O verán é moi seco.
RÍOS	Teñen un caudal irregular: apenas levan auga no verán, mentres que nas épocas de enchentes, poden producir fortes inundacións. Ríos como o <i>Ebro</i> son un bo exemplo.
VEXETACIÓN/ FAUNA	Bosque adaptado á seca estival. Bosque perennifolio. As árbores teñen folla pequena, troncos grosos e copas largas. As especies do bosque mediterráneo son a aciñeira, a sobreira, a alfarrobeira e o piñeiro. Tamén medran formación arbustivas, como a maquia e a garriga con especies como a xara, romeu, lavanda, lentisco... Nas zonas máis áridas predomina a estepa.
OUTRAS CARACTERÍSTICAS	Paisaxe moi transformada dende antigo. Desenvólvense actividades económicas, como os cultivos de secaño no interior (trigo, vide, oliveira), paisaxe de hortas na costa, e o turismo, que transformou moito o medio natural, sobre todo no litoral.



PAISAXE OCEÁNICA

LOCALIZACIÓN	Esténdese polas costas occidentais dos continentes entre os 40º-60º de latitude (Europa Occidental, costas norteamericanas do golfo de Alaska, costa sur de Chile, costas sudoriental de Australia, Tasmania e Nova Zelandia.
CLIMA	OCEÁNICO: temperaturas suaves durante todo o ano, por influencia do océano: veráns frescos e invernos suaves. As precipitacións son abundantes e regulares.
RÍOS	Teñen un caudal elevado e regular. O <i>Miño, Loira, Sena, Rin</i> son exemplos de ríos das paisaxes oceánicas.
VEXETACIÓN/ FAUNA	Bosque de folla caduca con carballos, castiñeiros, faias, salgueiros, freixos, ulmeiros. Nas zonas menos fértiles ou preto do mar desenvólvese a landa atlántica, unha formación arbustiva con xestas, toxos, breixos... A paisaxe agraria máis característica son os prados, que proporcionan alimento para o gando.
OUTRAS CARACTERÍSTICAS	Paisaxe moi transformada dende antigo. Destaca sobre todo Europa Occidental que é unha das áreas máis densamente poboadas do mundo. Nesta zona predomina a paisaxe urbana e industrial. A concentración da poboación nas cidades modificou a paisaxe natural, orixinando graves problemas de tráfico, contaminación, etc.



PAISAXE CONTINENTAL

LOCALIZACIÓN	Só aparece no hemisferio norte. Esténdese polo interior de Europa, Asia e América do Norte.
CLIMA	CONTINENTAL: as temperaturas son moi contrastadas: o inverno é longo e frío e o verán é curto e caloroso. As precipitacións non son moi abundantes e chove máis o verán.
RÍOS	Os ríos conxélanse no inverno durante o meses moi fríos. O desxeo provoca enchentes na primavera. Ríos como <i>Obi</i> , <i>lenisei</i> , <i>Lena</i> , <i>Mckenzie</i> .
VEXETACIÓN/ FAUNA	Bosque boreal ou taiga nas rexións do norte. Formado por árbores (coníferas) de folla perenne, destacando abetos e piñeiros. Cara ao sur aparecen inmensas pradarias formadas por herbas altas, características das chairas do interior. Nas zonas máis cálidas e secas, desenvólvese a estepa, formada por herbas de pouca altura.
OUTRAS CARACTERÍSTICAS	Pouca poboación habita a taiga, aínda que nos últimos anos instaláronse industrias madeireiras e construíronse vías de comunicación. A pradería é a zona máis humanizada, encontrando cidades, explotacións gandeiras e extensos campos de cultivo. Predominan os campos abertos de monocultivos.



PAISAXES FRÍAS

LOCALIZACIÓN	<p>A paisaxe polar localízase na zona ártica e na Antártida.</p> <p>A paisaxe de alta montaña desenvólvese nos cumios máis elevados das grandes cordilleiras.</p>	
CLIMA	<p>CLIMA POLAR : temperaturas no inverno están entre -20º e -50º C. O verán non existe, pois raramente alcanza os 5º-10ºC.</p> <p>As precipitacións son moi escasas (300 mm) e caen en forma de neve.</p>	<p>CLIMA DE MONTAÑA: as temperaturas son moi frías no inverno e frescas no verán.</p> <p>As precipitacións son abundantes e regulares todo o ano e caen frecuentemente en forma de neve.</p>
VEXETACIÓN/ FAUNA	<p>No clima polar os elementos máis característicos son o xeo e a neve. Nas áreas máis próximas ás zonas temperadas, onde existe un curto verán, aparece a tundra, formada por musgos e liques. A fauna característica son cérvidos como os renos, osos polares, pingüiños e animais mariños como as baleas.</p> <p>Na paisaxe de montaña a vexetación varía coa altitude, segundo cambien as temperaturas e as precipitacións. A medida que se ascende van aparecendo arbustos, matogueiras e pradarías.</p>	
OUTRAS CARACTERÍSTICAS	<p>A vida é moi difícil nas rexións polares. No Círculo Polar Ártico viven os lapóns e os inuits, mentes que na Antártida só hai bases científicas.</p> <p>Nas zonas cálidas, as montañas están bastante poboadas, mentres que nas zonas temperadas están pouco habitadas e a xente concéntrase nos vales.</p>	

